



ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 29 DE XUÑO DE 2023

Asistentes:

Presidente

Prada Rodríguez, Julio

Vicedecanos

Arribas Álvarez, M^a Carmen

Presedo Garazo, Antonio

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo

PDI

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Reboreda Morillo, Susana

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Uña Álvarez, Elena de

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Domínguez López, Ángel

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

Rama Mosquera, Alejandro

Rodríguez Álvarez, Lucía

Excusan asistencia

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Pérez Rodríguez, Fco. Javier

A reunión realizase de xeito presencial na sala de profesorado (Edificio de Facultades) e de xeito telemático na Sala de Xuntas 1 da Facultade de Historia, coa participación dos membros que se citan á marxe o xoves 29 de xuño ás 12,30 h en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xuño de 2023.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, da proposta de factores de ponderación das diferentes materias dos Bacharelatos.
4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2023-2024.
5. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2023-2024.
6. Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2023-2024.
7. Designación, se procede, do/a representante do alumnado na Comisión de Compensación.
8. Aprobación, se procede, dos criterios a aplicar pola Comisión de Compensación no caso de alumnado non reúna os requisitos para obter o apto por compensación da(s) materia(s) de xeito automático.
9. Aprobación, se procede, da determinación do prazo que fixa o artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.
10. Aprobación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2023-2024.
11. Aprobación, se procede, das Xornadas da Facultade de Historia, «Muller e Historia», para o segundo cuadrimestre do curso académico 2023-2024 e primeiro cuadrimestre do curso 2024-2025.
12. Asuntos de urxencia.
13. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultades que desculpan a súa ausencia a sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 6 de xuño de 2023.

Apróbase a Acta por asentimento.

2. Informe do presidente.

O decano fai referencia, en primeiro termo, ás diferentes accións de captación sinalando que si ben é un proceso que comeza co curso, hai momentos en que se concentran estas accións. Informa que, desde última Xunta Facultades, desenroláronse a campaña de Nasasocialmedia e a visita do alumnado Franciscanas con seu orientador organizada dende a Vicerreitoría o pasado 9 de xuño.

A continuación, lembra que dende a Facultade e o Departamento realizáranse unha serie de alegacións con relación ao proxecto de Orde Ministerial que debería servir de base para a obtención dos títulos de Mestre en Educación Infantil e Primaria polo cal se reducía considerablemente a carga docente para as Didácticas Especiais (Matemáticas, Ciencias Sociais, Ciencias Experimentais, Lingua e Expresión Plástica) que pasarían a ter 6 créditos, o que significaría que as materias de Xeografía e Historia pasarían a ter unicamente 3+3 créditos. Como xa comentara, houbo moitas alegacións e días despois a Comisión Executiva da Conferencia de Decanos de Educación presentou a súa dimisión toda vez que dende o Ministerio se lles comunicou que estaban a valorar a situación producida polas numerosas alegacións recibidas e o seu desexo de abrir un novo proceso de participación máis amplo. Sinala, en consecuencia, que de algo deberon servir os moitos esforzos coordinados que se fixeron nesa liña.

O decano da conta da resolución Reitoral que pretende recoñecer, impulsar e incentivar o emprego da lingua galega nas facultades e nas escolas da Universidade de Vigo outorgando anualmente un distintivo, que ten unha vixencia de catro anos, á facultade ou á escola que máis puntuación obteña e que vai acompañado dunha contía económica de 3.000 euros para que a dirección da facultade ou da escola a empregue en desenvolver actividades ou iniciativas que fomenten o uso do galego. Informa que a encargada de resolver é unha comisión, que decide en base aos seguintes criterios:

- Número de materias impartidas en lingua galega: 20 %
- Número de PDI e de PAS con cursos de galego homologados: 5 %
- Existencia dunha persoa de enlace de lingua galega: 5 %
- Actividades e accións en lingua galega: 15 %
- A páxina web en lingua galega: 20 %
- Comunicación interna e externa en lingua galega: 20 %

- Actos institucionais en lingua galega: 15 %

Aínda que na facultade se cumpre con boa parte deses criterios, considera que o punto máis feble é o aínda reducido número de materias que se imparten en lingua galega. Comentando esta cuestión coa Vicerreitora Susana Reboreda, esta sinalaba que, en principio, se vai dar validez á declaración realizada dende os centros e non se terá en conta o que se recolle nas guías nin o número de profesores e profesoras que solicitan a desgravación por impartir a materia en lingua galega. Considera o decano que non debería presentarse a facultade nas dúas primeiras convocatorias, porque hai outros centros mais potentes neste apartado e que é previsible que ganen. Como a acreditación dura catro anos, entende que o momento máis adecuado para participar, despois de desenvolver campañas e demais actuacións, sería no terceiro ou cuarto ano. O que tamén podería dar pé a que se pulisen algúns dos indicadores, e pon como exemplo a solicitude do número de PAS e PDI con cursos o que, de non introducirse un factor de ponderación, beneficia aos centros que teñen maior número de PDI.

A prof. Susana Reboreda sinala que a idea é que establecer unha “ratio” ou porcentaxe en función do número de profesorado ou do número de materias que se impartan.

Coincide o decano, quen indica que o ideal sería que se sinalase un porcentaxe de profesorado e non un número como se recolle actualmente na resolución.

Finalmente, informa da próxima instalación nas aulas de reloxos para facilitar a profesorado e alumnado o cumprimento dos tempos previstos para o desenvolvemento da actividade docente.

Sinalan distintos asistentes que non so hai aulas sen reloxos, senón que algunhas aulas onde existen, estes non funcionan.

3. Aprobación, se procede, da proposta de factores de ponderación das diferentes materias dos Bacharelatos.

O decano lembra o correo remitido aos membros da Xunta o pasado día 9 de xuño no que sinalaba que no contexto dos novos Bacharelatos e da nova Selectividade era preciso aprobar as ponderacións que rexerán durante o período transitorio e no futuro.

Lembra que para o acceso aos graos, ponderan unha serie de materias, tanto no apartado de obrigatorias como de voluntarias. Ese proceso estivo en revisión no último ano e medio pola entrada en vigor dos novos bacharelatos e, como consecuencia, hai materias que cambian de nome e outras que pasan de ser voluntarias a obrigatorias e viceversa. En todo ese proceso hai que establecer unha serie de réximes transitorios nestes factores de ponderación; por exemplo, para Historia da Filosofía a proposta é que non se pondere a porcentaxe correspondente na parte voluntaria xa que pasa a ser obligatoria e se valora neste segundo apartado. Algo que tamén ocorre con outras materias.

En relación con isto os centros practicamente carecen de marxe de manobra, xa que foi un acordo entre os 17 distritos froito dun consenso e o que se lles pide aos centros é a ratificación desa proposta. A día de hoxe xa foron moitos os que a ratificaron, sen que conste a presentación de ningún tipo de alegacións. En realidade, isto podería repercutir naquelas titulacións cunha nota de corte moi elevada, sendo apenas relevante en titulacións como a de Xeografía e Historia.

Apróbase a proposta por asentimento.

4. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2023-2024.

O decano lembra que se enviou a proposta de calendario académico por correo e destaca que o inicio das clases do vindeiro curso académico se produciría o luns 11 de setembro, data na que está previsto tamén o acto de benvida ao estudantado de primeiro curso, polo que o profesorado que imparta aulas en primeiro comezará as clases o martes 12 de setembro.

Lembra asemade as dúas datas previstas para as Xornadas da Facultade: o 26 de outubro para a segunda parte de «Violencia e morte na Historia» e o 25 de abril para as correspondentes a 2024, cuxa temática se somete no día de hoxe a aprobación da Xunta. Insiste en que nesas xornadas o compromiso é que profesorado que imparte docencia cede as súas clases para que o alumnado asista con independencia de que curse ou non a materia para a que se convida aos relatores, xa que a devandita asistencia computa como parte das dúas horas de eventos científicos que temos reservadas nas nosas guías docentes. En consecuencia, o profesorado debería establecer un mecanismo de valoración desta actividade e prever unha actividade substitutoria para os que non poidan ou non desexen asistir ás mesmas. Suxire que, no caso de que o considere oportuno, esta podería ser unha actividade a valorar dentro do apartado de observación sistemática.

Sinala a prof. Beatriz Vaquero que non todos os profesores/as teñen “observación sistemática” nas súas Guías e que ese 10%, no seu caso, está destinado a “participación activa”, que está vinculada coa realización de determinadas probas, exercicios ou cuestionarios que son voluntarios. Considera que valoración das xornadas e outras actividades podería encaixar en moitas das opcións que distintos profesores/as cualifican como participación activa. Cada profesor/a deberá valorar o seu encaixe nas actividades que propón sexa observación sistemática, participación activa ou calquera outra.

Sinala o decano que el realiza unha suxestión a partir do que leva a cabo nas súas materias, pero que, efectivamente, pode encaixar perfectamente esta valoración no apartado “participación activa”, no caso daqueles profesores/as que a teñan nas súas Guías Docentes.

Apróbase o calendario por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dos horarios correspondentes ao curso 2023-2024.

O decano lembra que os devanditos horarios foron remitidos con anterioridade e agradece o esforzo da vicedecana, Carmen Arribas, para tentar atender as múltiples solicitudes de modificacións respecto á proposta inicial. Sinala, un erro que fixo notar a prof. Elena de Uña xa que, no calendario remitido da materia de Xeografía de Galicia figuran os días 10 e 17 de novembro de 2023 para as prácticas de campo e a saída de estudos, respectivamente, cando deberían ser os días 29 de setembro e 10 de novembro de 2023.

O prof. Antonio Presedo comenta a discrepancia entre o primeiro borrador e o remitido agora nas prácticas de Metodoloxía da Historia e Historia Moderna Universal, en 2º Curso e no 2º cuatrimestre, dos mércores pola tarde, que cambian de horario. Sinala a vicedecana Carmen Arribas que, como consecuencia dunha modificación xa se fixo este cambio.

Coa modificación sinalada sobre as datas na saída de estudos de Xeografía de Galicia, os horarios son aprobados por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do calendario de exames para o curso 2023-2024.

O decano lembra que, ao igual que no caso anterior, o calendario de exames foi remitido con anterioridade por parte da vicedecana.

Aprobase o calendario de exames por asentimento.

7. Designación, se procede, do/a representante do alumnado na Comisión de Compensación.

O decano explica que o posto reservado ao alumnado na comisión de compensación se atopa vacante por ter rematado os seus estudos o alumno que formaba parte da mesma, polo que se propón a Lucía Domínguez Carrera, nominada na xuntanza de delegados celebrada o pasado 19 de xuño. Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, dos criterios a aplicar pola Comisión de Compensación no caso de alumnado non reúna os requisitos para obter o apto por compensación da(s) materia(s) de xeito automático.

O decano lembra que neste procedemento hai varias fases. Na primeira, o que se comproba e que o alumnado cumpre unha serie de requisitos, simplemente para a admisión a trámite da súa solicitude (entre outros que teña como mínimo un 1 na materia para a que solicita a compensación, que non teña aberto expediente por mala conducta, etc.). Superada esta fase, nun segundo

momento se comproba que o que se solicita para compensación entra dentro dos límites establecidos (por exemplo, non se pode compensar a materia de Traballo de Fin de Grao, nin máis dunha ou dúas materias se superan os 12 créditos). Pasada esa fase, ven unha terceira na cal a compensación é automática sempre que o/a estudante se encontre en polo menos un dos seguintes supostos: que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 3'5 na(s) materia(s) a compensar; que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia. Neste caso a compensación faise polos servizos administrativos e o decano so ten que firmar a resolución.

Porén, a normativa establece que «No caso de que o/a solicitante non se encontre en ningún destes supostos ou curse unha titulación que dea acceso a unha profesión regulada pero reúna todos e cada un dos requisitos necesarios, a solicitude será admitida a trámite para que a valore a comisión de compensación». Neste caso, a Comisión «valorará a traxectoria académica global da/ o solicitante e, en particular, na(s) materia(s) obxecto de compensación e nas materias afíns (se as houbese), e analizará canta información complementaria considere oportuna. A comisión poderá solicitarlle(s) ao(s)/á(s) docente(s) responsable(s) da(s) materia(s) un informe no cal consten as consideracións relativas a todas as actividades desenvolvidas polo/a estudante (traballos, exames, prácticas etc.)».

Apunta o decano que esta Comisión tense reunido so de xeito excepcional. Consta unha reunión no contexto da pandemia para valorar unha solicitude que non presentaba ningún problema xa que era suficientemente clara e motivada. Engade que, dado que non existían, considera conveniente establecer uns criterios obxectivos ao respecto, que simplifiquen o traballo da comisión, eviten problemas que poidan xurdir no caso de cambios nos membros da comisión (que poderían ocasionar cambios de criterio) e tamén en relación cos alumnos é importante a existencia duns criterios coñecidos e públicos para saber a que aterse.

Sinala o decano que na comisión de compensación celebrada hai uns días e, despois, nunha reunión cos delegados, consensuáronse os criterios que se remitiron aos membros da Xunta de Facultade na documentación adxunta á convocatoria. O que se somete agora a aprobación é ese texto previamente consensuado:

O alumnado que solicite a compensación e non reúna os requisitos para obter o apto por compensación da(s) materia(s) de xeito automático deberá cumprir cando menos dous dos seguintes cinco requisitos:

1. Obter cando menos 3 puntos na cualificación global da materia para a que solicita a compensación.
2. Obter cando menos unha nota de 6 puntos nunha materia afín da mesma área para a que solicita a compensación.
3. Que do informe do profesorado responsable da(s) materia(s) para a que se solicita a compensación se desprenda a realización, por parte da persoa

solicitante, de todas as probas que conforman a avaliación continua e a asistencia regular da mesma ás sesións teóricas e prácticas ou, no caso de optar pola modalidade de avaliación global, obter a cualificación de aprobado cando menos nunha das dúas partes, teórica ou práctica.

4. Que a materia(s) para a que se solicita a compensación non teña unha taxa de éxito superior en máis dun 10% á media das dúas materias con menor taxa de éxito do último curso para o que se dispoña de datos publicados.

5. Que nas diferentes oportunidades de avaliación se constate unha evolución ascendente nas cualificacións obtidas.

Os criterios son aprobados por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da determinación do prazo que fixa o artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.

Informa o decano que o devandito regulamento establece que a elección da modalidade de avaliación global correspóndelle a cada estudante, que poderá levala a cabo segundo o procedemento e o prazo establecido polo centro, o cal non poderá ser inferior a un mes. A elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

De acordo co regulamento, procede fixar os devanditos procedemento e prazo, polo que a proposta é a de incluír nas guías docentes de cada materia a seguinte redacción: Aqueles estudantes que elixan ser avaliados mediante a modalidade de “avaliación global deberán comunicalo ao profesorado responsable da materia no prazo de 31 días hábiles dende o inicio de cada cuatrimestre (artigo 19.4 do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado da Universidade de Vigo).

Explica o decano que se optou por establecer un período de 31 días hábiles (e non unha data concreta dentro do mínimo dun mes que sinala o regulamento) porque deste xeito non é preciso ter que aprobar unha data nova nos vindeiros cursos. Aínda que o regulamento sinalaba que o alumno podía comunicar a súa decisión ao Decanato ou ao profesorado, optouse por esta última posibilidade xa que así se permite manter a flexibilidade que algúns profesores xa aplicaban atendendo as circunstancias persoais do alumnado.

A prof. María López pregunta se no caso das materias de segundo cuatrimestre a data dende a que se contan os trinta e un días é a partir do inicio do cuatrimestre ou do inicio do curso e tamén se se trata de días hábiles. Responde o decano que sempre se conta a partir do inicio das clases de cada cuatrimestre e que os 31 días hábiles supoñen, mais o menos, mes e medio.

A prof. María López comenta que, co establecemento deste prazo, pode darse o caso de alumnos que houbesen optado pola avaliación continua e que suspenderan os parciais (no caso das materias que os teñen) ou non entregasen as tarefas e actividades, e que xa non poderán cambiar de modalidade porque estaríamos a final de cuatrimestre. Indica o decano que, nese caso, o alumnado tería que presentarse ás probas de avaliación global. Cabería a posibilidade de que o profesorado, se o considera oportuno, estableza para o alumnado en esta situación un segundo prazo fora das datas oficiais para a entrega das probas que teñan pendentes.

A prof. María López indica que no caso de establecer un “segundo prazo” isto significaría deixar sen valor o establecido no regulamento. Comenta o decano que ata agora o alumnado sempre tivo dereito a presentarse á avaliación global, segundo establecen os estatutos da Universidade e, na práctica, podía facelo sen informar ao profesorado. Agora o que se di é que o alumnado ten dereito a escoller se se presenta pola avaliación continua ou á avaliación global. Se decide o segundo debe comunicalo no prazo establecido pola facultade, polo que entende que isto da maior garantía xurídica ás dúas partes que o que existía ata o de agora.

A prof. María López comenta que ao acordar que o alumno/a non comunique a súa decisión sobre a renuncia á avaliación continua ao decanato, senón ao profesor/a responsable da materia permite maior flexibilidade por parte deste último no relativo ás datas de solicitude, permitindo incluso aceptala o día anterior á avaliación. Responde o decano que o alumnado non pode comunicalo o día anterior a avaliación senón dentro do prazo establecido, pero que efectivamente dependerá do profesorado. Entende que o alumno ou alumna sempre tivo a posibilidade de ir a avaliación global e agora o que debe comunicar en tempo e forma é que renuncia á avaliación continua.

A prof. Yolanda Barriocanal pregunta se o alumno ou alumna necesita xustificación para renunciar á avaliación continua. Responde o decano que non, que se trata dun dereito que se lle recoñece no regulamento sen necesidade de xustificación algunha.

A prof. Beatriz Vaquero lembra que o alumno ou alumna que presente renuncia á avaliación continua perde, segundo o regulamento, as cualificacións obtidas en todas aquelas actividades (probas, entregas, prácticas, etc.) que fixera ata ese momento. Isto tamén esta suxeito ao criterio do profesorado quen pode decidir manter as cualificacións obtidas en todas ou nalgunha das citadas probas. O decano sinala que o regulamento establece, literalmente, que “a elección da modalidade de avaliación global supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose das actividades da modalidade de avaliación continua que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que tiveron lugar”. Esta é a razón de que a proposta sexa que a comunicación da renuncia se presente ao profesorado da materia e non ao decanato. O profesorado poderá así decidir se quere conservar ou non a nota das actividades xa realizadas; sinala que, por exemplo, a proba do 30% que se

establece na avaliación global podería ser equivalente a algunha proba ou exercicio realizado previamente a solicitude de cambio de modalidade.

O prof. Xosé Ramón campos sinala que se o alumnado sempre ten dereito á avaliación global, entón, o prazo dos 31 días hábiles para presentar a renuncia á avaliación continua non ten moito sentido. Insiste o decano en que entende que é preciso cambiar enfoque, xa que non se trataría tanto de que o alumnado comunique que se acolle a avaliación global, algo ao que sempre teñen dereito, senón que manifesta a súa renuncia a seguir a avaliación continua. En calquera caso, á Xunta de Facultade só lle compete establecer o prazo e decidir se o alumnado ten que informar ao decanato ou ao profesorado responsable da materia.

A profesora Beatriz Vaquero sinala que se intentou propoñer o mais flexible. Optando polo profesorado como receptor da renuncia, isto permite “negociar” co alumnado e non ser tan ríxidos no prazo de aceptación da mesma, algo que non se podería evitar de ter que presentala no decanato. O decano apunta que ese era o espírito da decisión de propoñer ao profesorado responsable da materia como receptor da renuncia do alumnado á avaliación continua. O que non quita para que se poida aplicar de forma ríxida o establecido na normativa, pero que tamén permite actuar con certo marxe de flexibilidade e considerar as circunstancias particulares de cada alumno/a.

Apróbase o prazo e o procedemento por asentimento.

10. Aprobación, se procede, da planificación docente do Centro para o curso 2023-2024.

O decano agradece o traballo realizado pola profesora Beatriz Vaquero en todo o que implica a tarefa de actualización e revisión das guías docentes, que este ano, ademais, traían como novidade a necesidade de adaptar as porcentaxes de ponderación das diferentes probas ao Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado. Engade que as guías docentes, como todos os anos, foron remitidas pola coordinadora do título á Delegación de Alumnado para a súa revisión. Dende a Delegación no se presentou ningunha obxección nin solicitude de aclaración.

Apróbase a Planificación Docente por asentimento.

11. Aprobación, se procede, das Xornadas da Facultade de Historia, «Muller e Historia», para o segundo cuadrimestre do curso académico 2023-2024 e primeiro cuadrimestre do curso 2024-2025.

Sinala o decano que se barallaron diferentes títulos, como «Mulleres no tempo», «Historia e xénero» e «Muller e Historia», despois de facer unha



enquisa comprobou que as preferencias por unha ou outra denominación están moi igualadas. En consecuencia, propón realizar unha consulta entre os asistentes á Xunta, presencialmente e a través do apartado “enquisa” do campus remoto.

Pregunta o prof. Xosé Ramón Campos por que a proposta de título é para o segundo cuatrimestre do curso 2023-2024 e para o primeiro do seguinte (2024-2025), e que ocorre co primeiro cuatrimestre do curso 2023-2024. Responde o decano que no primeiro cuatrimestre do curso 2023-2024 as xornadas son a segunda parte das realizadas no segundo cuatrimestre do presente curso (2022-2023) que levan o título de “Violencia e Morte na Historia”.

Unha vez rematada a consulta entre os asistentes, sae elixido como título das vindeiras Xornadas “Mulleres no tempo”.

12. Asuntos de urxencia.

Non constan.

13. Rolda de intervencións.

Non hai.

Remata a sesión ás 13,22 h do día 29 de xuño de 2023, da que eu como secretario dou fe co visto e praxe do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro